



Fotografía da autora: Adela Dávila.

## Berta Dávila

(Santiago de Compostela, 1987) é narradora e poeta.

Por «Raíz da fenda» (Xerais, 2013) obtivo o Premio Johán Carballeira de poesía e posteriormente o Premio da Crítica Española e o da Asociación de Escritoras/es en Lingua Galega na modalidade de poesía.

Como narradora é autora, entre outros libros, das novelas «O derradeiro libro de Emma Olsen» (2013), Premio Repsol de Narrativa Breve e Premio da Asociación Galega de Editoras ao mellor libro de ficción; «Carrusel» (2019), Premio García Barros e Premio da Crítica Española; «Illa Decepción» (2020), Premio Repsol de Narrativa Breve e finalista do Premio da Crítica Galicia; **«Os seres queridos» (Xerais, 2022), obra coa que conseguiu o Premio Xerais de Novela 2021, o Premio Follas Novas de Narrativa 2023 e o Premio da Crítica de Galicia (Creación Literaria) 2023;** e «A ferida imaxinaria» (Xerais, 2024).

No ámbito da literatura infantil e xuvenil é autora dos álbuns ilustrados «A fuxida» (2014) e «O libro grande dos números pequenos» (Xerais, 2023), do libro de poemas «A pel do mundo» (2017), das novelas infantís «Demetrio Demoscopio perdeu a chispa» (Xerais, 2022) e «O Concurso dos Mellores Inventos (e outros incríveis acontecementos)» (Xerais, 2024) e da novela xuvenil «Un elefante na sala de estar» (Xerais, 2022), coa que gañou o Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2021.



# O corpo diplomático da maternidade

Publicado o 18 Xullo 2022 por **asociacionescritoras-es**. Artigo de Santiago Jaureguízar en **El Progreso**

[“O corpo diplomático da maternidade” | ::Axenda cultural AELG::](#)



“(...) Para elaborar unha entrevista non necesitas un cuestionario, senón concretar a primeira pregunta. Desde que a formulas soamente tes que escoitar ao entrevistado. A miña pregunta foi:

— Santiago Jaureguízar (SJ): Entre a primeira versión e a segunda lograches superar o medo a contar esta historia tan dura?

— Berta Dávila (BD): Non era medo a contala. Tiña a vontade de contar esta historia desde esta narradora. Quería facelo doutra maneira que se correspondía coa intención e non co desexo que eu tiña. Planifíco moito os libros, despois recupero as notas, e ordeno e reescribo todo. Rematei esa versión por disciplina, sabendo que non funcionaba, e pasei a outra etapa,

con sensación de loito por un libro falido. Xa abandonara outros; pero con este tiña a idea de que quería facelo, doutra maneira.

A personaxe da novela tivera un fillo con Miguel e quedou embarazada estando con Carlos como parella. Coñezo escasamente a vida de Berta Dávila e, con honestade, carezo de interese en indagar nela. Eu atopo coincidencias de nomes, lugares e aconteceres. Dime:

— BD: Confío en que os lectores saibam trascender esa identificación. A novela recolle unha maneira de sentir os vínculos e os afectos.

A autora conta no seu texto que escribira unha primeira versión, titulada *As flores trímeras* e trataba “sobre as tres idades” humanas. “Era más amable para o lector e para mí”.

Nesta segunda versión, Os seres queridos hai tamén tres mulleres: a avoa María coma nai carente de capacidade para optar a respecto de ser nai, a protagonista como individualidade e a protagonista como persoa que decide non ser nai novamente.

— BD: Hai unha liña clara entre a muller e a nai. Mellor, entre individuo e nai. A idea era falar dese cambio identitario, non da natalidade ou da conciliación, senón do estrano de ser diferente a que entra nun construto social de nai e deixar de ser individuo. Debe reconéixerse con ese construto. Despois de parir, eu non estaba interesada en que outras nais me falasen da alimentación dos nenos, nin dos obxectos de puericultura, nin dos cursos de natación para bebés, senón de como perdoaran aos seus fillos por descomponer a muller que xa non eran.

A novela atende aos sentimentos e ás decisións que vai tomado a protagonista. A avoa, os pais e as parellas semellan transeúntes que contemplan o seu drama.

— BD: Ela sente a escisión como desaparición. Ese cambio faille preguntarse polas relacións de dependencia a respecto da avoa, e dos pais, que son figurantes. As parellas, Miguel e Carlos, están a un lado. Ela cuestiónase quen é a avoa, quen é esa muller? Decátase cando desaparece.



A protagonista compárase coa avoa María, que tivo varios fillos con naturalidade e resignación porque non pudo reflexionar sobre se a súa vontade se correspondía coa maternidade. Esa mesma naturalidade aplícaa tras a desgraza dunha filla. “Co paso do tempo a súa tristeza tornou cada vez más profunda e cada vez más calada. É así como a miña avoa entende que debe dignificar o seu pesar”.

Ao tempo, a narradora cala diante da avoa que está embarazada porque se compara con ela e teme o seu reproche.

— BD: Eu non podo falar sobre o que sente a avoa. A avoa non fala, a personaxe é quen conta a avoa. Os outros personaxes eran más importantes na primeira versión da novela. Berta Dávila parece agora más estable a respecto da maternidade, pero non sabe se o tema vai ter continuidade nas súas novelas.

— BD: Para min este libro é un fin de ciclo. Apetéceme escribir sobre outras cousas. O tema da estivo aí e parecía que nunca chegaba. Non sabía como enfocalo. Hai temas que están no debate social, polo que, ao tratalos, corres o risco de ser un discurso xa construído. En temas tan marcados todo está condicionado por iso, é difícil levalos. (...)"

## Berta Dávila, buscar a transcendencia no banal

Por Manuel Xestoso (Nós diario, 06/04/2022) [Berta Dávila, buscar a transcendencia no banal](#)

“(...) O banal constrúenos. Mais unha mirada atenta sobre esa trivialidade desvela unha intensidade que, afeitos á rutina do cotián, non sempre percibimos. As novelas de Berta Dávila proporcionan esa mirada, reflexionan -e fannos reflexionar- sobre esos pequenos acontecementos da vida diaria que se erixen en sinais do sentido da existencia. Con Os seres queridos, gañadora do último Premio Xerais de Novela, achégase á natureza dos afectos, ás redes de relacións que definen o noso lugar no mundo (...)”



## Tertulias literarias

 **Berta Dávila**  @bertadavila · 10 mar. 2022 ...

Hoxe chega ás librarías.

«Os seres queridos» é un libro que fala de ter un lugar a onde ir ou a onde volver, dos vínculos que nos sosteñen, do significado do amor maternal, de poder elixir, de formar parte dunha familia, do remanso do loito, do amor. E do arrepentimento, tamén.



2024-2025



## Tertulias literarias

### **Berta Dávila, autora de "Los seres queridos": "Las madres no se han escrito a sí mismas"**

Por José Carlos Rodríguez (efeminista, 13/04/2022) [Berta Dávila publica "Los seres queridos": "Las madres no se han escrito"](#)

### **Berta Dávila le pone nombre a la depresión posparto y al sentimiento de culpa en la maternidad**

Por Henrique Mariño (Público, 08/06/2022) [Berta Dávila le pone nombre a la depresión posparto y al sentimiento de culpa en la maternidad | Público](#)

Aborda la complejidad de los afectos en la novela 'Os seres queridos', protagonizada por una escritora que se plantea abortar cinco años después de ser madre. “(...) La prosa de Berta Dávila es transparente, sencilla y certera. Pule el estilo, lo desnuda y proyecta solo lo necesario en la página, donde nada sobra. Es el proceso que ha elegido para contarnos “un cambio profundamente transformador” que parece implicar necesariamente, según los constructos ficticios y reales sobre la maternidad, “una renuncia a lo que había antes”, empezando por la propia identidad. La autora, no obstante, subvierte la norma establecida socialmente e indaga en “las partes raras de la experiencia” (...)”

### **Berta Dávila discute los afectos de la maternidad en 'Los seres queridos', su nueva novela.**

Por Daniel Salgado (el.Diario.es, 30/04/2022) [Berta Dávila discute los afectos de la maternidad en 'Los seres queridos', su nueva novela](#)

La premiada autora gallega publica la traducción al castellano de su último libro, que indaga en la relación entre literatura y verdad. “(...) De estilo desnudo, a tumba abierta, emocionante y a la vez clínica, es una historia de amor que también cuestiona el amor (...)”



### Berta Dávila: «Os amores más fondos son ambiguos sempre»

Por Ana Abelenda (La Voz de Galicia, 06/05/2022) [Berta Dávila: «Os amores más fondos son ambiguos sempre»](#)

Non ten un Pulitzer, como Emma Olsen, pero a súa coraxe é de premio. «Os seres queridos», que gañou o Xerais 2021, é unha piscina na que nadan as nais fóra do canon

**Lecturalia** [Los seres queridos - Libro de Berta Dávila: reseña, resumen y opiniones](#)

“(...) Con una escritura penetrante y evocadora, Los seres queridos trata de ahondar en el significado de los vínculos que nos sostienen y en cómo la literatura es capaz de recoger aquello a lo que nos cuesta poner nombre (...)”

### Entrevista de 5 minutiños

